

Poetízate

 XERAIS

 FÓRA DE XOGO

POETÍZATE

Antoloxía da poesía galega

Fran Alonso

Poesía e Rebelión!

Título: Poetízate
Autor: Fran Alonso
Editorial: Xerais
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 224
ISBN: 978-84-9914-250-0

O autor

Fran Alonso (Vigo, 1963) comezou a súa traxectoria como escritor ao gañar o Premio Blanco Amor de Novela en 1991 con *Tráiler* (Xerais). Desde entón publicou novelas, libros de relatos, poesía, literatura infantil, xuvenil e libros de xornalismo. A súa obra está guiada sempre por unha actitude innovadora. En 1994 publicou o libro de relatos *Cemiterio de elefantes* (Xerais, 1994) e logo viñeron a novela *Silencio* (1995-Xerais, 2014), *O brillo dos elefantes* (Xerais, 1999), *Males de cabeza* (Xerais, 2001), *Cartas de amor* (Xerais, 2006), *Ninguén* (Xerais, 2011) e *A punta de pistola* (Xerais 2012), que foi XII Premio de Novela por Entregas La Voz de Galicia, así como as biografías *A vida secreta de María Mariño* (Xerais, 2007), *Folperpas de Novoneyra* (Xerais, 2010) e *A voz que vén da seitura* (libro-CD, 2007). No ámbito do xornalismo, publicou os libros *Territorio ocupado* (Xerais, 1998), *Un país a medio facer* (Xerais, 2008) e *Contesta ou disparo* (e-book, 2011). A súa obra poética deuse a coñecer coa publicación, en 1992, de *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), ao que seguiron *Tortillas para os obreiros* (1996), *Cidades* (Xerais, 1997), *Subversións* (Xerais, 2001), *Balada solitaria* (2004), *O meu gato é un poeta* (libro-CD, Xerais, 2011), *Poemas birollos para ler cos ollos* (Xerais, 2016), *Terraza* (Xerais, 2017), e *Transición* (libro-CD, 2011). Tamén é autor da coñecida antoloxía *Poetízate* (Xerais, 2006), que se converteu nun best-seller, e dos álbums ilustrados *A casa da duna* (Xerais, 2002) e *A araña e mais eu* (2009). Así mesmo é colaborador de diversos medios de comunicación, activista a favor da lectura, realizou o deseño e ilustracións dalgúns dos seus libros e leva a cabo diversos espectáculos poéticos. A súa obra está traducida a varias linguas.



Resumo argumental

O volume é unha antoloxía de poesía galega enfocada para a mocidade. Un libro desenfadado que pretende achegar os versos a aqueles que normalmente non os len. Unha selección de poemas que percorre a historia do xénero desde Rosalía de Castro ata Xiana Arias, cunha mirada atenta, tamén, á voz das mulleres. O libro consta dun limiar a cargo do antologador no que se argumenta en contra dos tópicos sobre a poesía e un epílogo a modo de visita guiada polos poemas que compoñen o texto.

Temas e valores

O gusto pola poesía

O libro trata de descubrir a poesía galega a quen non a coñece. Vencer prexuízos e estereotipos sobre un xénero que adoita impoñer respecto entre os lectores e lectoras.

A variedade da poesía galega ao longo do tempo

No libro coinciden autores e autoras moi diversos pertencentes a épocas moi diferentes, o que nos dá un panorama da evolución do xénero poético na literatura galega dos últimos séculos.

As mulleres creadoras

A abundancia de poetas femininas na antoloxía fálanos dun xénero no que a voz das mulleres é fundamental.

Actividades

Antes da lectura


- Que pensan da poesía? Quen cren que a escribe e para quen? Quen pensan que a le? Que poetas coñecen?
- Comentar na clase se as letras de cancións son poesía? Proponer letras de cancións valiosas desde o punto de vista poético.

Despois da lectura

- Que poema do libro lles gustaría ter escrito ou que alguén escribise pensando neles?
- Escoller un poema do libro e comentalo conxuntamente na clase.

Ficha a1 (antes da lectura)

1. Na páxina 69 aparece un caligrama de Luz Pozo Garza. Que é un caligrama? Busca outros caligramas doutros poetas. Escribir un caligrama propio.



This image shows a single sheet of white paper with horizontal blue ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

Televisión

5

This image shows a single sheet of white paper with horizontal blue lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Maino (p. 10)

Fazula (p. 15)

Estrume (p. 16)

Cómaro (p. 21)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Agoirar (p. 24)

Labarada (p. 26)

Abrente (p. 34)

Sofisma (p. 36)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras.

Roibo (p. 40)

Foula (p. 42)

Ceifa (p. 57)

Gárgola (p. 83)

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

7. Describe con cinco palabras a poesía de Rosalía de Castro.

Ficha d2 (despois da lectura)

1. Na páxina 76 aparece o verso «O lobo! Os ollos do lombo do lobo!», pertencente ao poema «Cousos do lobo» de Uxío Novoneyra. Relé o poema. Que pensas que quería transmitir o poeta con esa repetición do fonema *o*? Constrúe ti un verso que use o mesmo recurso estilístico.

2. Coa axuda do dicionario, define as seguintes palabras:

Recanto (p. 129)

Esmoleiro (p. 92)

Esparto (p. 98)

Epifanía (p. 102)

3. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

4. Cal che parece o poema máis divertido do libro? E o máis aburrido? Cal é o máis triste? E o máis reivindicativo?

This image shows a blank sheet of white paper with horizontal blue ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

5. Nas páxinas 117 e 118 aparecen tres poemas de Gonzalo Navaza compostos con palíndromos. Que é un palíndromo? Escribe ti un palíndromo.

This image shows a single sheet of white paper with horizontal blue ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins or other markings on the paper.

This image shows a single sheet of white paper with horizontal blue ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

Ficha d3 (despois da lectura)

1. Comenta o seguinte poema de Fran Alonso, poeta e autor da antoloxía.

*Teño un amigo que dorme
nesa rúa estreita, longa e abrigada,
recollido nun portal.
Sempre o vexo deambulando
entre os coches,
entre o lixo, laranxa, das noites,
seguido dun can,
sorteando edificios onde nunca ten casa.
El é deses que non teñen nada,
e no nada habitan e viven.*


This image shows a single sheet of white paper with horizontal blue ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

2. Volve ler o poema «Penélope» de Xohana Torres (páx. 79). Busca información sobre quen era Penélope. Que pensas que quere dicir a poeta ao poñer na boca de Penélope os tres últimos versos?

This image shows a single sheet of white paper with horizontal blue ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

3. Que é un acróstico? Volve ler o poema «Acróstico» de Lois Pereiro. Escribe ti un poema que tamén teña forma de acróstico.

This image shows a full page of blank handwriting practice paper. It features 20 evenly spaced, horizontal blue lines running across the entire width of the page. The background is a solid off-white color, providing a clean surface for writing practice. There are no margins, text, or other markings present.



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

